



ANUNCIO DE LICITACIÓN

Concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal para a construción/explotación dunha Residencia 3ª Idade-Centro de Día.

1. OBXECTO e procedemento de adxudicación: Concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal sita nos terreos da Fundación Semana Verde e coa finalidade da construción dunha Residencia para a 3ª Idade e Centro de Día de 40 e 15 prazas, ampliables a 60, coa posterior xestión de ambosdous servizos durante o prazo de 75 anos

2. TIPO DE LICITACIÓN. Instalación, Proxecto e custo: conxunto íntegro a edificar de nova planta sobre parcela municipal destinado a Residencia de maiores. O custe de partida/1ª fase da instalación, segundo proxecto xa elaborado polo Arquitecto Martín/ David Pereiras Corzón, e aprobado polo Pleno ascende a:

Total execución por contrata: 1.746.900,49 €

O Proxecto -con 20 prazas- se tomará como base, correspondendo ao licitador a súa ampliación ata as proxectadas de 40 e 15, que deberá constar na súa oferta.

3. PRAZO DE CONCESIÓN: o prazo será de **SETENTA E CINCO ANOS**.

4. ADXUDICACIÓN: procedemento aberto con multiplicidade de factores de adxudicación e trámite normal.

5. PROPOSICIÓNS: os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 26 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no BOP, o cal tamén se publicará na Plataforma de Contratación do Estado e Boletín da Unión Europea. Clasificación: Grupo C. Subgrupos Categoría E.

6. DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Perfil do Contratante, onde se publican os Pregos e as restantes actuacións desta contratación e na Secretaría Municipal. O Proxecto estará a disposición dos interesados nas oficinas municipais.

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: os sinalados no prego de cláusulas administrativas.

8. GARANTÍA PROVISIONAL: non se esixe. **Garantía definitiva:** o 5% do custo anual inicial de explotación.

9. GASTOS DE ANUNCIOS: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

10. Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas.

11. Lugar presentación: Concello de Silleda. Rúa Trasdeza nº 55. 36540 SILLEDA (Pontevedra) Fax: 986 581021. Tfno.: 986 58 00 00. E-mail: david.garcia@silleda.es

SILLEDA, 1 de Decembro de 2016.

O ALCALDE Asdo.: Manuel Cuiña Fernandez

